



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 04 de outubro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Carlos López Font.  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día catro de outubro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1077).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 20 de setembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1078).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DISPOSITIVOS DE LECTURA E ESCRITURA PARA AS TARXETAS DE ACCESO MULTISERVIZO "PASSVIGO". EXPTE. 8620/113.**

Visto o informe xurídico do 27/09/18, e o informe de fiscalización do 28/09/18, dáse conta do informe-proposta do 26/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e

Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- En data 07/09/2018 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro de dispositivos de lectura e escritura para as tarxetas de acceso multiservizo "Passvigo".

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/09/2018 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 10/09/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 10/09/2018, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación ( por P.A.) de data 11/09/2018, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación , é de data 25/09/2018.

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de



## Concello de Vigo

Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 07/09/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramitase como un contrato de subministro.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, súper simplificado conforme ao disposto no artigo 116 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Séptimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do subministro de dispositivos de lectura e escritura para as tarxetas de acceso multiservizo "Passvigo".

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 25/09/2018.

**TERCEIRO.-**Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 10/09/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

**CUARTO.-** Autorizar o gasto de 40.000,00 €, que inclúe un IVE de 6.942,15 €, desde o 15 de Outubro de 2018, o cal se imputará a partida 9207.6260004 (OT2 LA3 CARTON IDENTIDADE CIDADÁ, EQUIPOS) . do exercicio 2018

**QUINTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1079).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS COMPOÑENTES NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA DUN SISTEMA VIRTUAL PROPIO DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES E CUSTODIA (CKC) DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS. EXPTE. 8579/113.**

Visto o informe xurídico do 27/09/18, e o informe de fiscalización do 28/09/18, dáse conta do informe-proposta do 26/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 28/06/2018 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro dos compoñentes necesarios para a posta en marcha dun sistema virtual propio de centralización de claves e custodia (CKC) de certificados electrónicos.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 29/06/2018 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 02/08/2018 asinado por a Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo xefe de servizo de Administración Electrónica



## Concello de Vigo

- Memoria xustificativa do contrato de data 24/08/2018, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 24/08/2018, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 25/09/2018.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 29/06/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramitase como un contrato de suministros.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos

licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, super simplificado conforme ao disposto no artigo 116 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Septimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do subministro dos compoñentes necesarios para a posta en marcha dun sistema virtual propio de centralización de claves e custodia (CKC) de certificados electrónicos.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 25/09/2018.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 02/08/2018 asinado por a Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo xefe de servizo de Administración Electrónica

**CUARTO.-** Autorizar o gasto de 41.140,00 €, que inclúe un IVE de 7.140,00 €, desde o 1 de Setembro de 2018, o cal se imputará á partida 9207.6400002 (OT2 LA1 AD. LEI 39/40/2015, DESENV. INMATERIAL) . do exercicio 2018

**QUINTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1080).- PROPOSTA DE REVOGACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA CON CARGO Ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2017» E REINTEGRO DA MESMA. EXPTE. 155986/301.**

Visto o informe de fiscalización do 24/09/18, dáse conta do informe-proposta do 13/09/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor Xurídico Adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área, e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 29.06.2017 concedeuse unha subvención a D. Marcos Mariño Araújo con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» (Exps. núms. 132218/301 e 136961/301), por importe total de 1.027,29€, co seguinte detalle:

Concepto	Importe	Forma Pagamento
Aluguer	370 €	Transferencia
Aluguer	349,1 €	Transferencia
Subministros	154,09 €	Cheque
Alimentacion	154,1 €	Tarxeta

I.2. D. José David Díaz Vázquez, propietario e arrendador da vivenda alugada a D. Marcos Mariño Araújo, achegou unha serie de escritos de denuncia e probas que demostrarían que este obtivo esa axuda social falseando o dato relativo á unidade de convivencia (Docums. núms. 170118034, 170161368, 180013700, 180014173...). Denunciaba tamén que, en todo caso, a axuda non fora xustificada e solicitou reiteradamente a súa revogación.

I.3. No periodo de información e actuacións previas conferiuse trámite de audiencia a D. Marcos Mariño Araújo por prazo de 10 días hábiles para que puidese alegar por escrito o que estimase conveniente na súa defensa e achegar, de ser o caso, os datos, documentos e informacións que xustificasen a veracidade dos contidos na súa solicitude e a correcta aplicación da axuda concedida.

Durante ese prazo o interesado non presentou alegacións nin achegou escrito nin documento ningún que aclarase as cuestións controvertidas a teor das denuncias formuladas por D. José David Díaz Vázquez.

I.4. Á vista do anterior e de acordo co disposto para o efecto nos Arts. 36-43 da LXS (L.38/2003), nos Arts. 33, 38 e ccdtes. da LSG (L.9/2017) e nos Arts. 91 e ss. do R.D.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de

Subvencións, a Concelleira delegada de Política Social adoptou o 08.05.2018, por proposta do Servizo, a seguinte Resolución:

«PRIMEIRO: Incoar expediente administrativo para a REVOGACIÓN E REINTEGRO DA AXUDA CONCEDIDA A D. MARCOS MARIÑO ARAÚJO (DNI nº \*\*\*\*\*149-P), por importe total de 1.027,29 €, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 29.06.2017 ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» (Exp. nº 136961/301) por ter falseado, presuntamente, os datos da composición real da súa unidade de convivencia e non ter xustificado a axuda que lle foi concedida, incumprindo así as obrigas establecidas nas Bases do Programa (Bases oitava, décimo sexta, vixésima e ccdtes.).

SEGUNDO: Notificar esta Resolución ás seguintes persoas interesadas: D. Marcos Mariño Araújo (solicitante e beneficiario da subvención), D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Yeska Vilán Aneiros, DNI nº \*\*\*\*\*563-C (presunta integrante da unidade de convivencia do Sr. Mariño e tamén presunta beneficiaria da subvención) e D. José David Díaz Vázquez, DNI nº \*\*\*\*\*495-P (denunciante e perceptor das axudas de aluguer concedidas).

TERCEIRO: Concederlles un prazo de quince (15) días hábiles para que aleguen e/ou presenten a documentación que estimen oportuna (Art. 94.2 RLXS)».

I.5. A precitada Resolución foille notificada a todos os interesados, segundo así consta no expediente. Durante o prazo concedido unicamente o denunciante, Sr. Díaz Vázquez, presentou o 05.07.2018 un escrito (Doc. nº 180105616) reiterando os seus argumentos e manifestando que “no tiene nada que ver en el proceso de revocación de la ayuda ya que esta a sido solicitada y concedida a D. Marcos Mariño...”.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





## Concello de Vigo

- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- L.47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- RD. 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Recadación.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. A normativa xeral sobre subvencións públicas prescribe que o/a beneficiario/a deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo ós criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención (Art. 91 LXS).

III.2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos nos Arts. 37 da LXS e 33 da LSG (no mesmo sentido, Base 38.3.c) das Bases de Execución do Orzamento Xeral).

III.3. A Base décimo sexta do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» establece que o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas constitúe unha das causas determinantes da súa revogación.

III.4. Sen prexuízo do anterior, as Bases tamén advertían que se non puidese xustificarse debidamente a axuda concedida procedería a súa revogación e, polo tanto, a devolución do importe da mesma cos xuros de mora correspondentes así como a declaración da perda do dereito a solicitala en posteriores convocatorias e a aplicación do réxime sancionador correspondente (Bases oitava, décimo sexta e vixésima)

III.5. Para determinar a «*unidade de convivencia*» do interesado tivéronse en conta tanto os datos consignados na súa solicitude como a propia documentación incorporada ó expediente, na que se incluía unha modificación do contrato de aluguer inicialmente suscrito entre o arrendador, D. Marcos Mariño Araújo e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Yeska Vilán Aneiros o 01.04.2016, de data 01.06.2016, na que se facía constar expresamente a ruptura da parella sentimental, o abandono do inmovible da Sra. Vilán e a continuación do contrato a cargo tan só do Sr. Mariño.

Con todo, tanto as probas achegadas polo Sr. Díaz Vázquez, non cuestionadas polos outros interesados, como a propia información resultante do PMH permiten soste que, na data tomada como referencia para os efectos destas axudas (xaneiro de 2017), D. Marcos Mariño Araújo sí vivía no piso da rúa Cervantes nº 21, 1º-C con Dª Mª Yeska Vilán Aneiros que, polo tanto, debeu ser incluída como integrante da súa unidade de convivencia para todos os efectos.

III.6. Por outra banda, comprobouse tamén que o beneficiario tampouco non xustificou a correcta utilización das axudas que lle foron outorgadas para o pagamento de subministros do fogar (154,09€) e para gastos de alimentación (154,10€), malia que foi expresamente requirido para que presentase os correspondentes xustificantes (facturas / documentos acreditativos de pagamento).

III.7. Así as cousas, procedería revogar a axuda concedida e requirir o seu reintegro íntegro. Os conceptos e as cantidades a devolver polo Sr. Mariño Araújo serían as seguintes:

<b>PRINCIPAL (IMPORTE DA SUBVENCIÓN)</b>	1.027,29€
<b>XUROS DE MORA</b>	
IMPORTE PARA O CÁLCULO	1.027,29€
DATA INICIO CÁLCULO	04.08.2017
DATA (ESTIMADA) FIN CÁLCULO	04.10.2018 (data estimada acordo XGL reintegro)
DIAS PERIODO	427 DIAS
TIPO (%)	3,75 % (Art. 38.2 LXS e L.3/2017 PXE 2017 + L.6/2018 PXE 2018)
IMPORTE XUROS DE MORA	45,06 €
<b>TOTAL A REINTEGRAR (PRINCIPAL + XUROS)</b>	<b>1.072,35 €</b>

III.8. O procedemento de reintegro da subvención será o establecido no Art. 42 da LXS. Para estes efectos, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente.

Consta no Exp. nº 155986/301 o cumprimento deses trámites, incluído o de audiencia na fase de información e actuacións previas e o posterior ofrecido coa notificación do acordo de incoación do expediente adoptado por Resolución da Concelleira delegada da Área de Política Social do 08.05.2018, co resultado indicado no apartado de Antecedentes.



## Concello de Vigo

III.9. As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobro o previsto para o efecto na L.47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria (Art. 38.1 LXS). O interese de mora aplicable, segundo o previsto no Art. 38.2 da LXS, é o establecido nas leis de Orzamentos xerais do Estado: 3,75% (L.3/2017 PXE 2017 + L.6/2018 PXE 2018).

III.10. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa (Art. 42.5 LXS) e contra ela poderán deducirse os recursos, administrativos e/ou xurisdiccionais, que se reseñan na parte dispositiva do Acordo.

III.11. É competente para adoptar o acordo de revogación da subvención e de reintegro dos importes antes indicados a Xunta de Goberno Local; órgano que concedeu a axuda en cuestión mediante acordo de data 29.06.2017 (Art. 127 LRBRL e Art. 41 LXS).

Previamente deberá emitirse informe de fiscalización pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL).

### IV. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO.- Revogar a subvención concedida pola Xunta de Goberno Local do 29.06.2017 a D. Marcos Mariño Araújo (DNI nº \*\*\*\*\*149-P) con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017» (Exps. núms. 132218/301 e 136961/301).

SEGUNDO.- Requirir o reintegro total da mesma por importe de 1.072,35 € (1.027,29€ de principal + 45,06€ de xuros de mora), por incumprir especificamente o disposto nas Bases do Programa. Na correspondente notificación requiríraselle para que realice ese reintegro no prazo e forma que establece o Regulamento Xeral de Recadación (RD. 939/2005, do 29 de xullo), xuntándose para o efecto o documento de ingreso ou carta de pagamento.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1081).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO “VIGO CAPACITA V”, POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 15684/77.**

Visto o informe de fiscalización do 28/09/18, dáse conta do informe-proposta do 26/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2018, a proposta do xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Economía, Emprego, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, acordou:

"1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigo Capacita V”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018”.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podían corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2018 e 2019, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, a representación do Concello na trámitación e xestión do Obradoiro de Emprego “Vigo Capacita V”.

Con data do 25 de setembro de 2018, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado “VIGO CAPACITA V” por resolución do Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 04 de maio de 2018 (DOG nº 97, do 23 de maio de 2018) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00004/2018, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **288.807,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado.



## Concello de Vigo

A resolución supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas (Operacións básicas de cociña e Operacións de restaurante e bar), e contará con 20 alumnos/as-traballadores/as, e un unha equipa directiva composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 experto/a/s docentes.

Da cantidade global de concesión da subvención (288.807,00 €), 125.568,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 163.239,00 € para gastos salariais de alumnado-traballador participante no obradoiro.

O órgano competente para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, de conformidade coas competencias atribuídas polo artigo 127 da LRBRL, previa remisión do expediente á Intervención Xeral Municipal.

Polo anteriormente exposto e, previa remisión do expediente á Intervención Xeral Municipal e coa conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

*1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA V", mediante resolución do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 25/09/2018, ao abeiro da Orde do 04 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00004/2018, polo importe de **288.807,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA V", conforme aos criterios establecidos na referida Orde do 04 de maio de 2018.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1082).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO "PROXECTO DEFINITIVO DE EXECUCIÓN DA RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO". EXPTE. 9093/307.**

Visto o informe de fiscalización do 28/09/18, dáse conta do informe-proposta do 27/09/18, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Os Orzamentos Xerais do Estado-Ministerio de Fomento recollen o proxecto de "Recuperación e posta en valor da muralla de O Castro en Vigo, Pontevedra", a executar nos anos

2016 e 2017 (201617090619). A Concelleira de Patrimonio Histórico resolveu na data do 15/04/2016 contratar á empresa PETTRA S.L., a redacción do proxecto de execución das obras de restauración e recuperación da muralla do Castelo de O Castro, en Vigo.

Con data 10/06/2016, o Concello de Vigo presenta no rexistro xeral do Ministerio de Fomento (doc. 201600000050035), documentación relativa a unha proposta de “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL MINISTERIO DE FOMENTO Y EL CONCELLO DE VIGO PARA LA EJECUCIÓN DE LA RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LA MURALLA DE O CASTRO EN VIGO (PONTEVEDRA)”, así como un exemplar do “PROYECTO DE EJECUCIÓN DE LA RECUPERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LA MURALLA DE O CASTRO EN VIGO (PONTEVEDRA)”.

Unha vez recibidas neste servizo as directrices do Ministerio de Fomento para a adecuación do proxecto de execución, a Concelleira delegada de Patrimonio Histórico resolve no mes de febreiro de 2018 contratar á empresa ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. (OTIMA) para a redacción da actualización e refundido do proxecto de execución da recuperación e posta en valor da muralla de O Castro de Vigo; a empresa presenta neste servizo de Patrimonio Histórico no mes de maio o proxecto definitivo incluíndo todas as suxestións e condicións do Ministerio de Fomento. No mes de xullo 2018 se envía toda a documentación requirida polo Ministerio mailo proxecto definitivo para os efectos das autorizacións preceptivas xunto coa proposta de convenio. Igualmente, o proxecto se somete a informe da Oficina municipal de supervisión de proxectos (OSPPIO), que o emite favorable o 25/09/2018.

Deste xeito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o PROXECTO DEFINITIVO DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DE O CASTRO DE VIGO, redactado pola empresa ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. (OTIMA).

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1083).- RECLAMACIÓN GASTOS XUDICIAIS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 17271. EXPTE. 32475/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/09/18, dáse conta do informe-proposta do 25/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 17/07/2018 (nº doc. 1801145519) o/ funcionario/a, con nº de persoal 17271 e DNI nº \*\*\*\*\*841 Q, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 2382/2016, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo/Sección 5ª Audiencia Provincial, tendo sido ditado Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o



## Concello de Vigo

sobresemento e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 01/02/2018, e mediante Auto de data 21/05/2018, confirmouse o sobresemento e arquivo das actuacións respecto a funcionario municipal agora solicitante.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **3.630 euros**. Se aportan a tal efecto a respectiva factura así como o xustificante da transferencia efectuada polo solicitante, en concepto de “abono minuta Diligencias previas 2382-Apelación/2016.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia

de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

No presente caso consta a presentación da factura de data 26/06/2018, derivada das dilixencias previas nº 2382/16, por importe total de 3.630 euros, con indicación do traballo desenvolvido e incidencias, así como o xustificante da transferencia; consta Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións, Auto de data 01/02/2018 polo que se desestima o Recurso de Reforma, e Auto de data 21/05/2018 que confirma o sobresemento e arquivo das actuacións respecto ao funcionario municipal agora solicitante. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contradictorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

**V.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excma. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 17271 e DNI nº \*\*\*\*\*841 Q, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- no procedemento abreviado nº 2382/2016; seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións, Auto de data 01/02/2018 polo que se desestima o Recurso de Reforma, e Auto de data 21/05/2018 que confirma o sobresemento e arquivo das actuacións respecto a funcionaria municipal agora solicitante.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **3.630 euros (factura 0010608104)** (honorarios profesionais prestados, correspondientes a la dirección letrada en defensa de sus intereses en el procedimiento Diligencias previas 2382-Apelación/2016.)

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.





## Concello de Vigo

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1084).- RECLAMACIÓN DE GASTOS XUDICIAIS DE FUNCIONARIA MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 79369. EXPTE. 32684/220.**

Visto o informe de fiscalización do 21/09/18, dáse conta do informe-proposta do 18/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 10/05/2018 (cod. Solicitud W274544-4634) o/ funcionario/a, con nº de persoal 79369 e DNI nº \*\*\*\*\*555 L, solicita o aboamento dos gastos de procurador derivados das D.P.1615/2016 e apelación 845/2017, sección 5a A.P. xeneradas pola querela interposta por Xuntos por Galicia, tendo sido ditado Auto de data 16/05/17 polo que se acordou o sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 5.07.17 e o de apelación por Auto de 29/12/2017.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **80,92 euros**, segundo a factura de data 09/05/2018 emitida por María José Lorenzo Zarandona, aportándose a tal efecto a factura nº 35-2018, e xustificante da transferencia bancaria.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- O Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou

con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

Segundo Informe de asesoría xurídica de data 23/08/2018, en relación cos gastos solicitados, consta que “Trátase da factura de gastos pola intervención da representante legal no asunto, xa resolto como expediente 31518/220, como consecuencia da súa intervención no DP/PA 1615/2016 (co que se acumulou o 2406/2016) tramitado no Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo e resolto por Autos de 16-5 e 5-7-2017, logo confirmados en apelación nº 845/2017 resolta pola Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 5ª por Auto de 29-12-2017”.

Consta a factura nº 35-2018, emitida por María José Lorenzo Zarandona polo importe solicitado, que ascende a unha contía de **80,92 euros**, así como xustificante da transferencia bancaria. Todo elo derivado das dilixencias previas nº 2406/16 que foron acumuladas ao procedemento 1615/2016; no expediente relacionado, consta no expediente



## Concello de Vigo

relacionado (31518/220) o Auto de acumulación de data 06/09/2016, copia do Auto 2/2018, de data 29/12/2017 desestimando o Recurso de apelación contra o Auto de data 05/07/17 do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, Auto que a súa vez desestima o Recurso de Reforma interposto pola representación procesal de Xuntos por Galicia contra a resolución ditada o día 16/05/2017.

Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contradictorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

**V.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 79369 e DNI nº \*\*\*\*\*555 L, como consecuencia do persoamento do mesmo/a -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 2406/16, acumulado ao procedemento nº 1615/2016; seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado en data 16/05/17, Auto de sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 5.07.17 e o de apelación por Auto de 29/12/2017. Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **80,92 euros**, segundo a factura nº 35-2018 de data 09/05/2018, emitida por María José Lorenzo Zarandona.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte

ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1085).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DO FUNCIONARIO INTERINO CO NÚMERO DE PERSOAL 82209 DE COBERTURA DE PRAZA VACANTE. EXPTE. 32717/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 27/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En data 19/09/2018 o funcionario interino nº persoal 82209 presenta escrito polo que solicita poder cubrir a vacante de interino con cargo a praza da oferta 2017 por discapacidade.

II.- O solicitante foi nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante de Subalterno, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

III.- Con data 28 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou o acordo de aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 (BOP de data 29/12/2017), que inclúe, entre outras unha praza de subalterno reservada para persoas con discapacidade.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



## Concello de Vigo

### II.- O funcionario interino na normativa vixente.-

A figura do funcionario interino está intensamente regulada, especialmente no relativo a seu nomeamento e cese. Dado que trátase dunha figura temporal, seu nomeamento debe realizarse cando concorran algunhas das causas tasadas previstas e atendendo a procedementos áxiles pero que, en todo caso, deben respectar tamén os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O lexislador estableceu un nomeamento "causal". Únicamente pódese nomear legalmente a un interino cando a Administración se atope con algún de estes catro supostos tasados:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento de este Estatuto.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Pode dicirse que o noso lexislador regulou o réxime xurídico da interinidade con gran detalle. Estos nomeamentos unicamente están xustificadas en casos excepcionais de indubidable e estrita necesidade, nos que resulte inaprazable a cobertura dun posto, e que os mesmos solo se poden realizar por un tempo determinado, que será o imprescindible para que as prazas correspondentes podan cubrirse por funcionarios de carreira.

En relación cos artigos 9 e 10 del TRLEBEP (RDL 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado Público), expresouse a xurisprudencia nos seguintes termos "mientras los funcionarios de carrera están vinculados a la Administración Pública a través de una relación estatutaria sujeta al Derecho Administrativo, para la prestación de servicios retribuidos de carácter permanente, siendo tal carácter permanente una de las notas definitorias de su régimen jurídico, los funcionarios interinos se caracterizan precisamente por lo contrario, es decir, por estar vinculados a la Administración Pública para el desempeño de servicios profesionales retribuidos en los supuestos tasados previstos en la ley, cuya nota común es la temporalidad, y sólo cuando existan razones fundadas de necesidad y urgencia. Así a propia dicción literal dos supostos tasados na lei nos que cabe o nomeamento dos funcionarios interinos fai referencia expresamente ao carácter temporal da ocupación das prazas destinadas aos funcionarios de carreira, ó utilizar expresións como "substitución transitoria", "prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce", "programas de carácter temporal", e existencia de vacantes mentres non podan ser ocupadas por funcionarios de carreira". (STSJ de Valencia de 17 de junio de 2015, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2ª).

Do exposto ata agora xa cabe concluír que non é posible estimar a solicitude do funcionario nº persoal 82209, xa que o nomeamento de funcionarios interinos en calquera das circunstancias previstas legalmente (neste caso cobertura de vacantes), so é posible nos

casos excepcionais de indubitable e estrita necesidade, respondendo a motivos de interese público e necesidades de administración, e nunca a unha petición individual da persoa interesada no citado nomeamento.

### **III.- Funcionamento das listas de reserva no Concello de Vigo.**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015 adoptou o acordo de aprobar “Os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo (Expte: 26797-220)

Reproducimos polo seu interese aos efectos que nos ocupan parte do anexo único apartado II “dereitos das persoas en lista de reserva” o cal dispón que “As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xenerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como funcionario/a interino/a que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP, e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e que se concretan en:

a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.

Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.”

Pois ben, derivado dos procesos selectivos convocados para a provisión de once prazas de subalterno, da OEP do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008, creouse unha lista única incluíndo en ela, segundo a puntuación obtida todas as persoas que sen obter praza superaron todas as probas, ocupando o solicitante o posto nº 5 da citada lista única. Consecuencia de formar parte desa lista única, o solicitante foi nomeado en diversas ocasións como funcionario interino por acumulación de tarefas, desenvolvendo as funcións con adaptación do posto, ata que o 17/04/2017 foi nomeado con cargo a praza vacante de Subalterno, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, desenvolvendo as súas funcións. O feito de ocupar esa posición na lista (posto número 5) supón a preferencia de nomeamento en relación coa seguinte persoa da citada lista, de forma que se o solicitante no fora integrado en ela, a persoa que estaría ocupando a praza vacante que él ocupa na actualidade, sería ocupada pola seguinte persoa da lista. O solicitante non impugnou a creación da bolsa única en ningún momento mentres foi nomeado con cargo a ela, beneficiándose de súa posición na lista de reserva creada e debidamente publicada. É



## Concello de Vigo

agora, unha vez que se aproba a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 (BOP de data 29/12/2017), que inclúe unha praza de subalerno reservada para persoas con discapacidade, cando o funcionario nº de persoal 82209, pretende na práctica disociar de esa lista única as persoas con discapacidade, para así poder volver a ser nomeado para cubrir esa praza vacante correspondente a OEP 2017 reservada a persoas con discapacidade. Estimar a súa solicitude entendo que suporía unha vulneración da normativa vixente, permitindo un trato de privilexio que implicaría unha vulneración do principio de igualdade que rise o acceso ao emprego público, de conformidade cos artigos 9, 3, 14, e 103 da Constitución de 1978, en relación co artigo 55 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que no seu apartado primeiro dispón que “Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.”

Engadindo a todo o anterior, temos ademais a pretensión do solicitante é contraria aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo”. Como se expuso con anterioridade os citados criterios establecen que “Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalguna das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo.” Así que non é posible aplicando os criterios existentes que un funcionario interino poda “encadear” nos seus nomeamentos unha cobertura de praza vacante con outra, xa que no suposto de provisión interina dunha praza vacante, se procede o chamamento da primeira persoa da lista, incluíndo as que se atopen prestando servizos no concello de Vigo, en todas as modalidades do apartado 10 do artigo citado, a excepción do suposto a), que é precisamente a existencia de prazas vacantes que non poden ser cubertas con funcionarios de carreira.

#### **IV.- Réxime competencial e proposta de acordo**

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Desestimar a solicitude do funcionario nº persoal 82209 de ser nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante de subalerno reservada a persoas con discapacidade correspondente a oferta 2017.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao solicitante.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1086).- PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS PARA A EXECUCIÓN DA SENDA FLUVIAL NO RÍO LAGARES, TRAMO RÚA MANUEL ÁLVAREZ-AVENIDA DE MADRID. EXPTE. 315/403.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/09/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral e o xefe de Urbanización e infraestructuras, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES E FEITOS**

I.- Compre traer a colación como antecedente do presente procedemento, o expediente tramitado nesta administración baixo o número 9580/407, no que, o Xerente desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu con data do 13.02.2017 autorizar o contrato menor de servizos relativo á redacción do proxecto de mellora ambiental do Río Lagares (tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid) dispoñendo no mesmo acto autorizar o gasto de acordo co disposto no artigo 185 do RDL 2/2004 por un importe máximo de 17.484,50 euros, a favor de INGEBAIRES SL, pola redacción dun proxecto de mellora ambiental do ría Lagares, no tramo que vai da rúa Manuel Álvarez a Avenida de Madrid; Da antedita resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria do día 16.02.2017.

II.- Con datas do 21.08.2017 e 22.08.2017 don Sergio Saborido Cid e/r da entidade "Ingebaires, SL" presentaba no rexistro xeral desta XMU baixo os docs. núm.170115352 e 170115802, dous exemplares – en formato papel e dixital- do proxecto nomeado "*Proxecto de paseo fluvial no río Lagares"- tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid*", de data xullo de 2017.

Visto o seu contido, con data do 25.08.2017 o Enxeñeiro técnico de obras Públicas Xefe do servizo de urbanización e infraestructuras da XMU, emite informe, a cuxo íntegro contido nos remitimos, no que conclúe que, "*(...) revisada la documentación, y con el objeto de obtener la preceptiva autorización a la que se refiere el artículo 78 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, y el artículo 15.3 de la Ley 9/2010 de Aguas de Galicia, procede remitir la misma (copia en soporte digital y en formato papel) a la delegación territorial de Aguas de Galicia Zona Hidrográfica Galicia Sur*".

III.- Mediante oficio do Xerente de urbanismo de 25.08.2017, déuselle traslado dunha copia do proxecto que nos ocupa á oficina de medio ambiente do Concello de Vigo; Pola súa banda e mediante oficio subscrito pola Vicepresidenta da XMU o 28.08.2017 remitíase ao





## Concello de Vigo

Organismo Augas de Galicia o informe técnico amentado no parágrafo anterior, así como copias en formato papel e en soporte dixital do referido proxecto.

Posteriormente, con data do 14.09.2017 e mediante oficio da Vicepresidenta da XMU (núm. de saída 20618-2017), remitíase unha copia do dito proxecto á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aos efectos de recadar a autorización correspondente no ámbito das súas competencias, de conformidade co pautado no artigo 67 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en relación cos artigos 45 e 47 do mesmo corpo legal; Remisión que consta debidamente notificada no expediente con data do 17.09.2017.

IV.- Con data do 12.09.2017 recibíase no rexistro de entrada desta XMU (doc. núm. 170125009) un oficio asinado con data 08.09.2017 polo Xefe Territorial do organismo Augas de Galicia, no que entre outras consideracións, e logo de examinar a solicitude de autorización instada, solicita a achega dunha serie de documentación complementaria; Neste senso, dábaselle cumprimento ao requirido mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 14.09.2017.

V.- Consta incorporada ao expediente o anuncio de publicación efectuado por Augas de Galicia no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, núm. 187 do 28.09.2017, da solicitude do Concello de Vigo para autorización da obra, Paseo Fluvial no Río Lagares, dando cumprimento a información pública por un prazo de vinte (20) días que prescribe o artigo 52 do Regulamento do dominio público hidráulico, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado.

VI.- Neste estado da tramitación, con data do 14.03.2018 tiña entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. núm.180038648) a Resolución ditada pola Dirección de Augas de Galicia con data do 09.03.2018 pola que de conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, se resolver outorgar **autorización ao Concello de Vigo para a execución das obras de paseo fluvial no lugar da rúa Manuel Álvarez e Avda. Madrid no Concello de Vigo**, establecéndose unha serie de condicionantes xerais e particulares, resolución que se incorpora ao presente expediente, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

VII.- Mediante oficio do Xerente de urbanismo do 03.08.2018 remitíase un exemplar do dito proxecto ao servizo de Patrimonio do Concello de Vigo para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Asemade, e dado o tempo transcorrido (11 meses), mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 07.08.2018 (núm. de saída 14084-2018) **reiterábaselle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a continuación da tramitación procedimental correspondente aos efectos da obtención, no seu caso, da autorización no ámbito das súas competencias, de conformidade co pautado no artigo 67 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en relación cos artigos 45 e 47 do mesmo texto legal; **Sen que conste na data actual a achega de dita autorización.**

VIII.- Con data do 04.09.2018 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Xefe do servizo de urbanización e Infraestruturas da XMU, emite informe ao presente expediente, co seguinte teor literal:

#### **“ANTECEDENTES.-**

*Por resolución de la Vicepresidenta de la Gerencia Municipal de Urbanismo de Febrero de 2017, se incoa expediente para la redacción del Proyecto de Paseo Fluvial del río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez . Avenida de Madrid ).*

*Resuelta la contratación a favor de la sociedad INGEBAIRES S.L., la misma presentó dicho proyecto el 22/08/2017. A continuación se remitió el mismo para alcanzar las correspondientes autorizaciones, a Aguas de Galicia y a la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia.*

*El Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo tomó conocimiento de la solicitud a Aguas de Galicia en sesión del 07/09/2017.*

*Así mismo se remitió copia para informe al departamento municipal de Medio Ambiente.*

*Con fecha 12/03/2018 se notificó al Concello de Vigo la autorización del ente autonómico Aguas de Galicia.*

*Hasta la fecha el resto de informes solicitados no han recibido respuesta.*

*Llegados a este punto, y por resolución de la Vicepresidenta de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 23/03/2018, se encarga la redacción por los Servicios Técnicos de la Gerencia, del Proyecto 259/413 para la obtención de los terrenos afectados para la ejecución del Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez - Avenida de Madrid ).*

#### **OBJETO Y DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS.**

*Procurar la continuidad de las sendas que en la actualidad acompañan el curso del río Lagares, es el objetivo de este proyecto. En la actualidad en el curso alto del río, a partir de la rúa Manuel Alvarez, la Comunidad de Montes en Mano Común de la parroquia de Santa Marina de Cabral tiene en ejecución un paseo lineal que hasta la fecha ha sido construido hasta sobrepasar en unos 150 metros aguas arriba, el Mercado Municipal de Cabral.*

*En el resto del curso medio y bajo del río ya existen esas sendas, solo interrumpidas en el Polígono Industrial de Miraflores pero sobre el que también se trabaja en estos momentos para acordar con sus propietarios la materialización de un corredor por terrenos afectos al mismo, y que recientemente se han duplicado entre el estadio de Balaidos y la rúa Muiños como uno de los resultados de la obra de la Acometida Eléctrica a la nueva EDAR del Lagares.*

*Es por tanto de primera importancia completar estas vías peatonales con la ejecución de este proyecto que a continuación se describe.*

*A efectos prácticos el trazado se ha dividido en siete tramos, a saber:*

**1.- Tramo rúa Manuel Alvarez – Rúa Coutada Nova.**

*Arranca en el puente que sobre la rúa Manuel Alvarez cruza el río, es por tanto continuidad del recientemente construido aguas arriba de dicho puente, y lo hace por la margen izquierda.*



## Concello de Vigo

*El tratamiento es a base de una senda en pavimento blando de 2,50m de ancho como mínimo.*

*Al terminar este tramo en el puente que cruza la rua Coutada Nova, está previsto pasar bajo el mismo, cruzando a la margen derecha ( estructura nº 1 ), y utilizado una estructura de madera, cuestión que se revisará en el momento de su ejecución.*

### *2.- Tramo rúa Coutada Nova - Rúa Severino Cobas.*

*Este tramo es quizás el más comprometido habida cuenta la existencia de edificaciones en ambas margenes, y la posición del colector de margen del río. Para materializar la senda, se recurre a una plataforma de madera pilotada ( estructura nº 1 ) en los casi 230 metros de longitud del tramo, salvo un pequeño tramo de 50 metros que discurre por la margen izquierda, entre dos cruces del cauce ( estructuras nº 1 y 2 ), y que permite la observación del rebose en lamina de agua del canal que abastece una pequeña central eléctrica cercana.*

### *3.- Tramo rúa Severino Cobas – Rúa Severino Cobas.*

*Con seguridad el inicio de este tramo reserva una de las singularidades mayores de todo el paseo fluvial, cual es la presencia de la Fervenza da Poza da Serpe. El trazado del paseo se hace especialmente sinuoso para poder ser lo más accesible posible habida cuenta el desnivel que hay que salvar, y su pavimento blando habrá de ser sustituido por otro menos flexible y evitar de esta manera los arrastres que su pendiente conllevaría.*

*El proyecto no lo define pero si apunta la conveniencia de instalar una plataforma – mirador que permita la observación del salto antes citado, cuestión que se incorporará como una mejora en las ofertas que se presenten para la ejecución de las obras.*

*Estos primeros metros del paseo han precisado de unas labores previas de limpieza y desbroce bastante contundentes, pues el estado de esta ladera no permitía comprobar la viabilidad del trazado previsto, tarea que ha asumido el Concello con la correspondiente autorización de Aguas de Galicia obtenida en fecha 09/07/2018.*

*El paseo una vez superado este inicio escarpado por el margen izquierdo, cambia a la margen derecha mediante una estructura de madera ( estructura nº 3 ) ( como todas las que se emplean a lo largo de esta obra cuando se trata de puentes sobre el cuace o adosadas a las estructuras que emplean los diferentes caminos y/o ruas que cruzan el río Lagares ). Termina en el otro puente que la rua Severino Cobas tiene sobre el río.*

*Hay que señalar que este inicio junto al puente de la rua Severino Cobas podría ser planteado de otro manera, pero el estado que presenta el muro que sostiene la calle no lo hace aconsejable, y así se contempla en el proyecto, pero lo cual no quiere decir que por quien corresponda, deberían acometerse las correspondiente obras de consolidación del citado muro.*

### *4.- Tramo Rúa Severino Cobas – Rúa Naia.*

*El paseo abandona el margen derecha del río, cruza en superficie la rua Severino Cobas y comienza este tramo por el margen izquierdo con otra pasarela volada ( estructura nº 4 ) junto a una nave industrial existente, para a continuación volver al modelo de senda en pavimento blando.*

*Aproximadamente a mitad del tramo ( estructura nº 5 ), volvemos a cambiar de margen y se sigue empleando la misma tipología de paseo.*

*5.- Tramo Rúa Naia – Rúa Alcalde Lavadores.*

*Un tramo corto de unos 280,- metros de longitud, a mitad del cual ( estructura nº 6 ) se cambia de margen para terminar pasando adosado al puente que soporta la Avenida Alcalde Lavadores ( estructura nº 7 ). Es un tramo como el anterior de escasa pendiente longitudinal y con tipología idéntica.*

*6.- Tramo Rúa Alcalde Lavadores – Rúa Gandarón.*

*Penúltimo tramo del paseo fluvial en el que se concentra tres estructuras, la primera ( estructura nº 8 ) para un cruce de margen, y las otras dos ( estructuras nº 9 y 10 ) para salvar desniveles del terreno y la excesiva proximidad de una nave existente. Ambas cuestiones se valorarán convenientemente en la ejecución de las obras.*

*7.- Tramo Rúa Gandarón – Avenida de Madrid.*

*Este último tramo que comienza cruzando en superficie la rúa Gandarón, termina el trazado del paseo fluvial que lo conecta con el ya existente una vez rebasada la Avenida de Madrid, para lo cual utilizamos el paso bajo la misma del río ( estructura nº 11 ).*

*En total y como resumen numérico, el proyecto abarca una longitud de 3.261,- metros lineales lo que supone el 18,4% de los 17,7 Km del curso del río Lagares. De estos 400,- metros lineales aproximadamente están constituidos por las 11 estructuras de madera citadas anteriormente.*

*Como complemento, pero no por ello menos importante ni mucho menos, este Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares incorpora un estudio exhaustivo medio ambiental de todo el trazado ( Anejos I “ Caracterización Ambiental”, IX “ Repercusiones ambientales y medidas correctoras”, y planos “6 Disposición de las tipologías de plantación “ ), basado en varios trabajos que le han precedido en el tiempo como son el “ Estudio de trazado del sendero en el río Lagares desde la Avenida del Aeropuerto hasta el tramo existente” ( 2006 ) y el “Plan Especial de Regeneración del Corredor Natural del río Lagares” ( 1997 ) del cual se deducen las operaciones de restauración ambientales que contiene.*

*Estas labores se dirigen por un lado a la plantación de 140 árboles de gran porte ( robles y fresnos ), y a la recuperación de la biodiversidad de márgenes y espacios fluviales con la plantación arbustos y pequeños árboles en número que alcanza los 640.*

*Sobre el Patrimonio Cultural ( Memoria apartado 2.2, Anexo I “Caracterización ambiental”, y Anexo VII “Mapas temáticos 2. Trazado y Patrimonio Cultural” ), queda perfectamente recogidos los elementos más reseñables y su estado actual, señalando la no afectación a los mismos.*

*Cabe señalar en este apartado, que hasta la fecha y desde el 15/09/2017, no se ha recibido de la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia contestación al escrito remitido.*

*El espacio total que se tratará, quedará fijado en el expediente de obtención de los terrenos citado en los antecedentes, por lo que el contenido del Anejo VI “Parcelario de Bienes Afectados” y los planos “4.Parcelario de los bienes afectados” lo son solo a efectos informativos y no vinculantes, pues será dentro del Expediente 259/413 “Obtención de los terrenos afect-*



## Concello de Vigo

*tados para la ejecución del Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez - Avenida de Madrid )” en el que se sustanciará este cometido.*

*Desde el punto de vista del planeamiento urbanístico, este Proyecto de paseo Fluvial del río Lagares, se ajusta tanto a las determinaciones del PGOU ´93 actualmente vigente, como al “Plan Especial de Regeneración del Corredor Natural del río Lagares” ( PERCNL ).*

*Este último documento está recogido íntegramente, e incluso de manera más ambiciosa desde el punto de vista ambiental, en los documentos que han iniciado la revisión del planeamiento general ( DIE y Borrador del Plan General ).*

*Por tanto el Proyecto que se informa, se ajusta a las determinaciones urbanísticas vigentes.*

### **ESTUDIO ECONOMICO.-**

*Aplicando los precios del Cuadro de Precios nº 1 a las mediciones, resulta un Presupuesto de Ejecución Material que asciende a la cantidad de QUINIENTOS CUARENTA Y CINCO MIL QUINIENTOS SETENTA Y TRES EUROS CON VEINTITRES CENTIMOS ( 545.573,23€ ).*

*Una vez incorporados los costes de Gastos Generales ( 13% ) y Beneficio Industrial ( 6% ), el Presupuesto de Ejecución por Contrata asciende a SEISCIENTOS CUARENTA Y NUEVE MIL DOSCIENTOS TREINTA Y DOS EUROS CON CATORCE CENTIMOS ( 649.232,14€ ). El IVA ( 21% ) suponen CIENTO TREINTA Y SEIS MIL TRESCIENTOS TREINTA Y OCHO EUROS CON SETENTA Y CINCO CENTIMOS ( 136.338,75€ ).*

*Por lo tanto el Presupuesto Líquido es de SETECIENTOS OCHENTA Y CINCO MIL QUINIENTOS SETENTA EUROS CON OCHENTA Y NUEVE CENTIMOS ( 785.570,89€ ).*

### **CONCLUSIÓN.-**

*El Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez – Avenida de Madrid ), contiene todos los documentos que le son exigibles conforme a la legislación vigente, se ajusta al planeamiento municipal, dispone de la autorización del organismo autónomo Aguas de Galicia, por lo que se propone su aprobación.*

*Por último indicar que con fecha 07/08/2018 se ha reiterado a la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia la solicitud de informe, notificando al departamento municipal de Patrimonio al mismo tiempo. (..)”*

### **II.- NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO**

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,

- O Plan especial de rexeneración do corredor natural do río Lagares (PERCNL), aprobado definitivamente o 03 de xullo de 1997, BOP núm. 178 do 16.09.1997, corrección de erros publicada no DOG do 14 de outubro de 1997,

- O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,

- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu Regulamento de desenvolvemento, Decreto 143/2016, do 22 de setembro,

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público,
- A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia,
- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico,
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### **III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**III.1.-** A natureza do presente proxecto técnico de urbanización parcial destinado á realización dunha “Senda fluvial” no río Lagares no tramo comprendido entre a rúa Manuel Álvarez e a Avenida de Madrid, co obxectivo de dar continuidade as sendas que na actualidade acompañan ao curso do río Lagares, que inclúe as obras que se describen polo miúdo no proxecto técnico suscrito por “Ingebaires, SL” con data xullo de 2017 e que se reflicten na autorización outorgada por Augas de Galicia con data 09.03.2018 e no informe técnico municipal suscrito con data do 04.09.2018 ao presente expediente polo xefe de infraestruturas e obras desta XMU transcritos no relato de feitos da presente, é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, os cales e consonte ao artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (en diante RLSG) tramitaranse e aprobaranse segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que se refiren tamén os artigos 30, 36 ,227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun Plan de ordenación, como acontece no presente suposto, que proxecta obras de execución de senda fluvial no río Lagares no tramo comprendido entre a rúa Manuel Álvarez e a Avenida de Madrid.

**III.2.-** As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica presentada, datada en xullo de 2017, e no informe técnico municipal de data 04.09.2018.

A zona na que se implantará a senda peonil obxecto do presente expediente, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), discorre por solos con distintas clasificacións- solos urbanos, solos non urbanizables e solos urbanizables non programados, e dentro do ámbito do Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997, recollido integramente no PXOU de 1993, que inclúe o ámbito de intervención deste proxecto dentro da denominada “Área de Protección” en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural “Freixas”, e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo, que tal e como se reflicte no



## Concello de Vigo

informe do xefe de urbanización e infraestruturas de 04.09.2018 se axustan as permitidas con carácter xeral nas devanditas zonas e áreas por onde discorre a senda proxectada-.

**III.3-** A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos Estatutos desta XMU.

### PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, e atendendo ao informe emitido polo xefe de urbanización e infraestruturas con data do 04.09.2018 que se incorpora ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Consello da XMU a adopción do seguinte,

### Acordo

**Primeiro.-** Prestar aprobación ao proxecto de obra ordinaria promovido por iniciativa pública nomeado "*Proxecto da senda fluvial no río Lagares, tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid*",- adxudicado a través dun contrato menor mediante Resolución ditada polo Xerente de urbanismo con data do 13.02.2017 á entidade "INGEBAIRES, Ingeniería civil, SL" no expediente tramitado baixo o núm. 9580/407, - e redactado con data xullo de 2017.

**Segundo.-** O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

1.- Son de obrigado cumprimento **todas as condicións** impostas na Autorización de Augas de Galicia outorgada con data do 09.03.2018, entre outras, as que seguen:

- As obras consistirán nos traballos correspondentes ao proxecto de construción de paseo fluvial no río Lagares, treito rúa Manuel Álvarez- Avda de Madrid, de 3.261 ml. de lonxitude,
- Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nunha área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e zona asolagable para un período estatístico de retorno de  $T= 10/100/500$  anos na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados; calquera incidencia que se derive de episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.
- Con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá dispor do certificado do rexistro da propiedade na que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona asolagable,
- Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m. De ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinaria,
- O prazo para a realización das obras é de doce (12) meses, contados a partir do seguinte a recepción da resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da

autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo

2.- Faise constar expresamente que no percorrido da senda que se proxecta vense afectados unha serie de elementos patrimoniais, na súa meirande parte de carácter etnográfico, tal e como se reflicte no proxecto ao que neste intre se presta aprobación- concretamente no apartado 2.2 da Memoria; Deste xeito e tal e como se reflicte no relato de feitos mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 14.09.2017 solicitouse de conformidade coa lexislación de aplicación, o outorgamento da oportuna autorización autonómica previa á Dirección xeral de patrimonio cultural; solicitude que foi obxecto de reiteración dado o tempo transcorrido mediante un novo oficio da Vicepresidenta da XMU do 07.08.2018, sen que conste na data actual contestación a este respecto.

3.- Antes do inicio das obras, colocárase un valado de protección, para o que se deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.

4.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.

5.- Unha vez rematadas as obras terá que presentar nesta administración o certificado de remate de obra asinado polo técnico director e, no seu caso, visado polo seu colexio oficial correspondente ou debidamente supervisado, así como o xustificante de entrega de residuos de construción e demolición a empresa xestora autorizada co fin de que se proceda á oportuna comprobación polos técnicos municipais.

6.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

7.- As obras atravesan varias rúas da cidade polo que cómpre a sinalización de pasos de peóns para garantir a seguridade vial dos usuarios, polo que deberán habilitarse pasos de peóns nas rúas afectadas.

**Terceiro.-** A presente autorización refírese unicamente as obras reflectidas no proxecto técnico ao que neste intre se presta aprobación, para cuxa realización será necesario a obtención dunha serie de parcelas, polo que a tales efectos, se xunta ao presente proxecto un Anexo, nomeado “**Anexo VI- Parcelario dos bens afectados**” da mesma autoría- isto é INGEBAIRES, SL, Ingeniería Civil, onde se describen polo miúdo as parcelas afectadas, divididas en sete tramos, e que deu obxecto a incoación dun expediente para a súa obtención derivado do anterior, tramitado nesta administración baixo o núm. 259/413; Poren e en cumprimento da normativa de pertinente aplicación deberá procederse no seu “*iter procesual*” á información pública da relación de bens e dereitos afectados, por un prazo de quince (15) días mediante anuncios no Boletín oficial da provincia, nun dos xornais de maior difusión, na sede web municipal e no taboleiro de edictos, con notificación individual a todos os titulares de dereitos afectados.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Remitir copia do presente acordo aos Servizos centrais desta XMU.

**Quinto-** Comunicar o presente acordo a todos os interesados no procedemento. No obstante o órgano resolutorio decidirá co seu superior criterio o que estime máis oportuno.

Con data 27/09/18 o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: "elevar á Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1087).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Isaura Abeleiras Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez.